

BASES DAS AXUDAS “REEMPRENDE” PARA A ADXUDICACIÓN DE AXUDAS DE GASTOS DE INICIO, INVESTIMENTO E MANTEMENTO PARA EMPRESAS CREADAS POR MULLERES

Con data 17 de novembro de 2004 o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aproba o Proxecto da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (en adiante MAIV) denominado *Conta con Elas*, cun montante económico total de 2.713.499,84 euros, no marco da Iniciativa Comunitaria Equal (2ª convocatoria) e financiado nun 75% polo Fondo Social Europeo. Este proxecto enmárcase no Píar IV: Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres na área temática da segregación no mercado de traballo.

En marzo de 2005 constitúese formalmente a “Agrupación de Desenvolvemento Área Metropolitana de Vigo”, agrupación que é a máxima executora da boa e correcta realización das accións planificadas no Proxecto *Conta con Elas*, sendo a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo o organismo público responsable. O Proxecto *Conta con Elas* desenvolverá accións directas no territorio da Mancomunidade desde agosto de 2005 ata decembro de 2007.

Unha das accións que á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo lle corresponde levar a cabo é a denominada “REEMPRENDE”, destinando un orzamento de 60.000 euros a esta acción (*número partida presupuestaria: 3220 4700001*), consistente en axudas para impulsar a creación de empresas promovidas por mulleres, que se regulan nestas bases.

1. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto é a convocatoria de axudas para o apoio á creación, posta en marcha e mantemento de 15 empresas de sectores masculinizados dirixidas por mulleres no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, creadas entre o 1 de xaneiro de 2006 e 31 de xullo de 2007 (período subvencionable).

2. BENEFICIARIAS

As empresarias, ao fronte de empresas en sectores masculinizados que estean constituídas polo menos nun 51% por mulleres ou que representen a maioría dos postos directivos e como mínimo sexan o 50% da totalidade das persoas traballadoras, nas que o prazo de inicio de actividade sexa dende o 1 de xaneiro de 2006 ata o 31 de xullo de 2007.

As empresas deberán presentar unha memoria descritiva do Proxecto, no modelo Anexo nº II destas bases.

As empresas teñen que desenvolver a súa actividade no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

A empresa e as emprendedoras teñen que formar parte da base de datos do Proxecto Conta con Elas.

3. CONTÍA DA AXUDA

A suma total das contías de tódalas axudas percibidas por este concepto das distintas entidades públicas ou privadas e administracións non poderá superar o 100% do gasto. A axuda de Reemprende será dun máximo de ata 4.000 euros por empresa creada.

O gasto poderá referirse ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 31 de xullo de 2007, ámbalas dúas datas incluídas, sendo éste o período subvencionable.

4. ACCIÓN E GASTOS SUBVENCIONABLES

A actividade que se subvenciona é o investimento total(excepto investimento en activo fixo) para a posta en marcha de empresas en sectores masculinizados, dirixidas e creadas por mulleres, que desenvolvan o seu labor no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

A axuda é para os gastos de constitución –escritura pública, avogados/as, IAE, gastos de lanzamento, gastos de xestión, etc.-, para os gastos de inicio e posta en marcha, activo circulante – compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local, man de obra empregada na reforma ou adecuación do local e maquinaria, publicidade, elaboración páxina web e subministros-, para os gastos correspondentes á contratación de servizos alleos - asesoramento en materia socio-laboral e xestión de contabilidade- e para investimento inicial que ten como fin apoiar a creación de empresas en sectores masculinizados no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Non se subvenciona o investimento en activo fixo.

5. PRAZO, SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

5.1. PRAZO

O prazo de solicitude comezará a contar a partir do día seguinte da publicación da CONVOCATORIA no Diario Oficial de Galicia.

O prazo máximo para a presentación de solicitudes rematará o día 10 de setembro de 2007, inclusive.

5.2. SOLICITUDES

As solicitudes (**anexo I e demais documentación**) deberanse dirixir á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. A presentación das solicitudes farase a través do rexistro xeral da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, sito en Vía da Hispanidade 17, en Vigo, en horario de 8,30 horas a 14,00 horas en días laborables, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

5.3. DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude, Anexo nº I, deben achegar a seguinte documentación:

- a) Copia do NIF da empresaria cando sexa persoa física ou do CIF cando sexa persoa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.

- b) Copia do último TC-2, TC-1 ou último selo pagado de autónomos; e relación de persoas traballadoras da empresa e o seu posto.
- c) Copia da alta fiscal da empresa na actividade económica
- d) Memoria do proxecto . Anexo nº II
- e) Orixinais das facturas dos gastos para os que se solicite a axuda.
- f) Certificación da Empresa de estar ó corrente das súas obrigas e non ter débedas coa Facenda estatal e autonómica así como de estar ó corrente e non ter débedas coa Seguridade Social.

6. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

Para a selección dos proxectos, a comisión de valoración terá en conta os seguintes 7 criterios así como a súa baremación máxima como se indican no cadro:

Tipo de Criterio e requisito imprescindible para obter a máxima puntuación en cada un dos criterios establecidos:	Puntuación máxima	Ponderación
1. Grao de inserción de mulleres en sectores masculinizados: obterán a máxima puntuación as empresas que garanticen a inserción da totalidade das emprendedoras e da súa plantilla por conta allea, nun sector masculinizado. (según orde do Ministerio de Traballo do 16 de setembro de 1998).	10	30 %
2. Porcentaxe de promotoras no proxecto: obterán a máxima puntuación aquelas empresas formadas por 3 ou máis mulleres emprendedoras, no caso de empresas constituídas unicamente por mulleres. No caso de empresas mixtas, as emprendedoras existentes, deberán supoñer como mínimo o 90% dos/as emprendedoras da empresa.	10	20 %
3. Postos de traballo de mulleres creados: obterán a máxima puntuación as empresas que garanticen a inserción de 25 ou máis mulleres nun sector masculinizado así como as que, contando con menos de 25 traballadoras garanticen a inserción laboral de mulleres en risco de exclusión nun sector masculinizado.	10	10%
4. Empresas de economía social : obterán a máxima puntuación e unicamente terán puntuación neste apartado todas aquelas empresas constituídas baixo calquera das fórmulas previstas para a economía social(Cooperativa, SLL,....)	10	10 %
5. Viabilidade económica e técnica: obterán a máxima puntuación aquelas emprendedoras que demostren documentalmente unha viabilidade económica e técnica durante os 3 primeiros anos de vida da súa empresa.	10	10 %
6. Viabilidade comercial: obterán a máxima puntuación aquelas emprendedoras que demostren documentalmente a existencia dun plan comercial durante os 3 primeiros anos de vida da súa empresa.	10	10 %
7. Impacto no territorio: obterán a máxima puntuación aquelas emprendedoras ó fronte de empresas que pola característica da actividade que desenvolven, <u>poida supoñer:</u> 1-A posta en marcha dunha actividade empresarial, que xenere emprego nun dos concellos máis rurais da Mancomunidad. 2-A posta en marcha dunha actividade nun dos sectores prioritarios do proxecto: metal,naval e construción. 3- A posta	10	10%

en marcha dunha actividade que xenere emprego para 25 ou máis mulleres.4- A posta en marcha dunha actividade baixo a fórmula da economía social nos entornos máis rurais da Mancomunidade.		
---	--	--

7. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Crearase unha Comisión de Valoración que asumirá a competencia da ordenación, instrución e proposta de resolución á Presidencia da Mancomunidade do procedemento de concesión da axuda. A citada comisión de valoración estará formada por unha persoa en representación do Proxecto *Conta con Elas*, e dúas persoas representantes da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Poderá nomearse a unha persoa suplente por cada titular para que o/a substitúan no suposto da súa ausencia. Esta Comisión de Valoración as veces que considere oportunas.

8.RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A Comisión de Valoración, fará unha proposta de resolución á presidencia da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo no mes de setembro de 2007.

A comisión de Valoración resérvase o dereito de declarar como deserta a convocatoria.

No momento en que se ratifique por parte da Presidencia da Mancomunidade a proposta de resolución das axudas, seleccionando aquelas emprendedoras-empresas beneficiarias das axudas REEMPRENDE, notificaráselles por escrito nun prazo de 10 días . Pola súa parte, a empresa comunicará ó Proxecto Conta con Elas mediante o documento anexo nº IV nun prazo máximo de 10 días a contar dende o seguinte á recepción da notificación, a aceptación ou renuncia como beneficiaria da axuda "REEMPRENDE ".

9. OBRIGAS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das empresas beneficiarias, nos termos do artigo 14 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das axudas obxecto da presente convocatoria.
2. Xustificar ante a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, entidade responsable desta acción dentro do Proxecto Conta con Elas, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da actividade que determine a concesión ou goce da axuda.
3. Custodiar a documentación acreditativa do cumprimento das obrigas ás que se refire o parágrafo anterior e manter a citada documentación actualizada a disposición do Proxecto Conta con Elas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
4. Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar por parte do proxecto Conta con Elas, así como calquera outras de comprobación e/ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como

comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

5. Comunicar ó Proxecto Conta con Elas da MAIV a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
6. Acreditar que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
7. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á empresa beneficiaria en cada caso.
8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e en todo caso durante un período mínimo de 6 anos dende a liquidación da subvención.
9. Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
10. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral, de subvencións.
11. Obter o consentimento das persoas afectadas para a recollida, tratamento e cesión dos seus datos persoais, así como facilitarlles a preceptiva información, todo iso nos termos previstos nos artigos 5 e 6 da LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa aplicable, en todos os supostos nos que, no marco da presente convocatoria, as empresas beneficiarias deban obter, tratar e comunicar ao Proxecto Conta con Elas da MAIV datos persoais de terceiras persoas.
- 12.** Manter o mínimo do 51% de traballadoras ou a maioría de mulleres en postos directivos e como mínimo sexan o 50% da totalidade das persoas traballadoras durante un período polo menos dun ano.

10. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O pagamento da axuda farase mediante transferencia bancaria que realizará a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo como entidade do Proxecto Conta con Elas responsable desta acción, trala xustificación por parte da empresa beneficiaria de:

- a) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas presentadas ou concedidas para o mesmo concepto de axuda das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades. Anexo nº V
- b) Orixinais das facturas dos gastos para os que se solicita a axuda.
- c) Certificación da Seguridade Social da empresa de estar ao corrente das súas obrigas e de non ter débedas.

- d) Certificación de Facenda da empresa de estar o corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- e) Certificación de Facenda (Xunta) da empresa de estar o corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- f) Certificado bancario de existencia de conta corrente da empresa onde realizar o ingreso

O prazo máximo de xustificación será o 30 de outubro de 2007(inclusive).

11. FINANCIAMENTO E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A concesión desta axuda será compatible coa percepción doutras axudas e/ou subvencións procedentes de calquera administración ou Entes Públicos ou Privados, nacionais ou internacionais, sempre que o seu importe sexa de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións, non supere o custe total da actividade.

12.-LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ás bases desta convocatoria é a seguinte: as normas comunitarias aplicables, as normas nacionais de desenvolvemento ou trasposición daquelas; a lexislación básica do estado: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, con carácter supletorio á lexislación estatal non básica, á normativa autonómica e demais normas que poidan ser de aplicación.

Vigo, 24 de xullo de 2007.

Abel Caballero Álvarez

Presidente da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo .

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS REEMPRENDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Dona/Don _____

Domicilio _____ N.I.F. _____

En representación de _____

Con CIF/NIF _____

Domicilio para os efectos de notificacións _____

Teléfono _____ Correo electrónico _____

A persoa solicitante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ Memoria do proxecto empresarial. Anexo II.
- ☐ Copia do NIF da persoa solicitante cando sexa persoa física ou CIF cando sexa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.
- ☐ Copia do último boletín de cotización da Seguridade Social TC-2/TC-1 ou selo de cotización do réxime da Seguridade Social de persoas autónomas do último mes; e cadro de persoal da empresa e o seu posto de traballo.
- ☐ Copia da alta fiscal da empresa na actividade económica.
- ☐ Orixinais das facturas dos gastos para os que se solicita a axuda.

_____, _____ de _____ de 2007

Asdo.: _____

(sinatura da/o representante)

ANEXO II

MEMORIA DO PROXECTO EMPRESARIAL

I. IDENTIFICACIÓN DA PERSOA PROMOTORA.

1. DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos		NIF
Domicilio		CP
Localidade	Provincia	Teléf. fixo Teléf. móbil

2. EXPERIENCIA LABORAL

II. DATOS DA EMPRESA

1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

1.1 DENOMINACIÓN E ACTIVIDADE

Nome		
Domicilio	Localidade	CP
Actividade que se vai desenvolver e necesidades que pretende cubrir		
Forma xurídica		
Nº de traballadoras e de traballadores		
Data de inicio		

2. PLAN COMERCIAL

2.1. PERFIL DA CLIENTELA A QUEEN SE DIRIXE O PRODUTO OU SERVIZO

2.2. CARACTERÍSTICAS DA COMPETENCIA E A ESTRATEXIA QUE UTILIZA

2.3. POLÍTICA DE COMERCIALIZACIÓN OU DISTRIBUCIÓN DO PRODUTO OU SERVIZO: medidas acometidas para distribuír, dar publicidade, promover e captar a clientela potencial.

3. PLAN DE OPERACIÓNS

(Enumere as diferentes operacións que deben realizarse no proceso produtivo ou no proceso de prestación do servizo).

4. PLAN DE INVESTIMENTOS E O SEU FINANCIAMENTO

4.1. PLAN DE INVESTIMENTOS

INVESTIMENTO	IMPORTE
Fianzas por arrendamentos de edificios ou locais	
Compra de edificios ou locais	
Traspaso de negocio	
Acondicionamento do local	
Instalacións	
Maquinaria	
Mobiliario	
Ferramentas	
Elementos de transporte	
Equipos para proceso de información	
Leasing (arrendamento financeiro con opción de compra)	
Gastos de constitución e posta en marcha (escritura pública, IAE, gastos de lanzamento, gastos de xestión, etc.)	
Existencias iniciais (primeiras compras de produtos)	
Outros	
TOTAL GASTOS DE INVESTIMENTO (IVE non incluído)	

4.2. FINANCIAMENTO

RECURSOS FINANCEIROS	IMPORTE
Financiamento propio	
Préstamos ou créditos concedidos	
Outras fontes de financiamento	
TOTAL FINANCIAMENTO	

5. PREVISIÓN DE RESULTADOS

INGRESOS	IMPORTE
Vendas	
Prestación de servizos	
Outros ingresos (rappells, descontos por pronto pagamento, etc...)	
TOTAL INGRESOS	

GASTOS	IMPORTE
Compras de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos	
Arrendamentos	
Servizos de profesionais independentes	
Transportes	
Primas de seguros	
Subministración (luz, auga, etc)	
Tributos	
Gastos de persoal (salarios, seguros sociais, etc)	
Gastos financeiros	
Dotación por amortización	
Outros	
TOTAL GASTOS	

<u>BENEFICIOS OU PERDAS</u> (Ingresos-gastos)	<u>IMPORTE</u>

6. RENDIBILIDADE ECONÓMICA

(Resuma a valoración global que vostede fai do seu proxecto, tendo en conta o beneficio ou perda reflectidos e a súa influencia nos investimentos iniciais).

7. ANEXOS

(Pode incluír os anexos que vostede estime oportuno sobre o proxecto).

ANEXO III

DECLARACIÓN DE AXUDAS PÚBLICAS

Dona/Don _____ con DNI _____
en calidade de representante ou persoa promotora.

DECLARO

- ☐ Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas e/ou privadas para este proxecto.
- ☐ Ter solicitado ou percibido subvencións das administracións ou entidades públicas ou organismos a elas vinculados ou dependentes e/ou entidades privadas para este proxecto polos conceptos que se indican:

CONCEPTO DA AXUDA	SOLICITADA/ CONCEDIDA/ PERCIBIDA*	IMPORTE (euros)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADES PÚBLICAS E/OU ENTIDADES PRIVADA

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente todas as axudas solicitadas ou obtidas, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

En _____, _____ de _____ de 2007

Asdo.: _____

(sinatura da/o representante)

*Indíquese o que corresponda

MODELO DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

Dona/ Don _____ con DNI _____
en nome e representación da empresacon
CIF:.....
Nº Inscripción Seg. Soc.:.....
SECTOR: Actividade:.....
CNAE:.....
Localidade:..... Provincia:.....
Enderezo:..... C.P.:.....
Teléfono:..... Fax:
E-mail: Páxina web:.....

DECLARO que en data foi notificada resolución, por parte do comité de selección da Acción REEMPRENDE do Proxecto Conta con Elas, da A.D. Área Metropolitana de Vigo, iniciativa Equal , financiada polo Fondo Social Europeo, na que se notifica a concesión dunha axuda desta acción.

Por medio do presente escrito, a empresa que represento:

☐ ACEPTA e DECLARO coñecer e aceptar as bases que regulan esta axuda.

☐ RENUNCIA

beneficiarse das Axudas REEMPRENDE do Proxecto Conta con Elas.

_____, _____ de _____ de 2007

Asdo.: _____

(sinatura da/o representante)